



Asociación Amadores da Música

Banda Sinfónica
Municipal de Ribadeo

Concello de
Ribadeo

ORGANIZACIÓN DE LUZGO
Cultura

EOCAR



Aquí como en Viena

30 de decembro de 2011 • 21:00 h.
Auditorio municipal Hernán Naval. Ribadeo

Programa

Carnival for Clarinets

J. Kinyon

*Solistas: Carmen García, Manuel Miranda, María Redondo e
Lucía Fernández.*

Suite Medieval

A. Waignein

- 1.- Desfile dos Cabaleiro
- 2.- Aire das Doncelas
- 3.- Danza dos Campesiños

O Principe de Exipto

S. Schwartz

Arr.: Jay Bocook

Marcha Militar nº1

F. Schubert

Ondas do Danubio (Vales)

J. Ivanovici

Arr.: Renato Morena

O Murciélago (Vales)

J. Strauss

Director: David Ballester Martínez

Fiel á súa cita de cada ano, a Banda Municipal de Ribadeo (BMR) celebra o seu tradicional concerto de Nadal-Fin de Ano: Aquí como en Viena. No programa da municipal ribadense unha opereta de Johann Strauss fillo (O morcego) e un valse vienés dun compositor e director de orquestra rumano, Ion Ivanovici, que sentiu atracción polos ritmos da capital austríaca e polas Ondas do Danubio.

Dúas pezas coñecidas xa polo público da BMR que comparten atril cun par de estreos: a suite composta de xeito orixinal para orquestra de vento polo belga André Waignein, Suite Medieval; e máis a banda sonora do filme da factoría Dreamworks, O príncipe de Exipto. Nova tamén no repertorio da BMR é a peza que abre o concerto desta noite, Carnival for clarinets, de J. Kinyon. Nesta obra catro mozas e mozos da BMR, clarinetistas de curta idade, desafían os nervios e a vergoña e afrontan o seu debut como solistas coa formación.

Ás dúas obras habituais neste concerto e ás tres estreos cómpre engadir desta volta unha peza que traerá boas lembranzas ás persoas con maior veteranía entre o respetábel. Nas carpetas do Aquí como en Viena de 2011 figura tamén a Marcha Militar nº1 de Shubert que formou parte do concerto co que a BMR fixo a súa presentación pública. Coincide o regreso desta obra ao repertorio da municipal ribadense co comezo dun ano que debera ser ben especial para a BMR por todo canto ten de simbólico. En 2012 a Banda Municipal de Ribadeo cumpre 20 anos dende que o 25 de xaneiro de 1992, e logo dunha longa etapa de silencio, subise de novo ao escenario, desta volta nunha abarrotada igrexa parroquial de Santa María do Campo e baixo a batuta do mestre Hernán Naval.

20 anos de música sen silencios malia as pedras no camiño que evidencian a fortaleza dos piares sobre os cais Hernán Naval Parapar ergueu este proxecto educativo musical que viaxa na compañía da Escola Municipal de Música e Danza. Como 20 anos non son nada, que di a canción, e dado que estamos no fin de ano e cómpre pedir desexos fagámolo: para vós, saúde, sorte e resistencia para facer fronte aos tempos escuros que nos toca vivir; e para a BMR, "mil xaneiros máis" poñendo banda sonora ás nosas vidas, "mil xaneiros máis" sementando e espallando cultura para resistir...

Suso López, músico da Banda Municipal de Ribadeo.